

## OBRADOIRO COMPARTIDO DE CONSERVAS VEXETAIS

Estamos en Cedofeita (Ribadeo) nunha antiga granxa gandeira de 11 Ha. agora en reconversión para darlle outros usos (que tamén queremos compartir), cuxos cortellos foron rehabilitados como conserveira.

Temos tres liñas de produción (zumes, conservas e deshidratados) que están ó dispor de todos os produtores que queiramos dar maior valor ou duración ás colleitas, aproveitar os excedentes e desestacionalizar os ingresos.

Ofrecemos o servizo de produción a maquila (con ou sen colaboración dos usuarios), o aluguer das instalacións, así como un espazo para almacenaxe de compras comúns.



Queremos apoiar á gastronomía da comarca pondo ó dispor dos restauradores, tanto esas instalacións para preparar e envasar alí as súas receitas como as nosas propias conservas de quinta gama (salsas, chutneys, aderezos, etc.) elaboradas cos produtos da nosa horta ecolóxica.



Facemos ademais alí os nosos zumes e deshidratados, pensando sobre todo nos consumidores máis vulnerables (nenos, anciáns e enfermos).

Por último, dispomos dunha sala polivalente para organizar actividades relacionadas con métodos de conservación de alimentos, alimentación saudable, soberanía alimentaria, aproveitamento dos recursos e prácticas máis beneficiosas para a saúde da nosa terra.



Máis información e contacto: [www.muineirasderequiande.es](http://www.muineirasderequiande.es)

Teléfono 637 770 171

[muineirasderequiande@protonmail.com](mailto:muineirasderequiande@protonmail.com)